

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



**Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e
"Bergantiños Fútbol Club" (CIF G15116775), para a realización da
actividade "Participación en competicións deportivas de nove
equipos federados"**

En Carballo, o 12 de maio de 2016, REUNIDOS D. Evencio Ferrero Rodríguez (DNI nº _____), Alcalde do Concello de Carballo, e D. Luciano Calvo Pumpido (DNI nº _____), Presidente de "Bergantiños Fútbol Club", MANIFESTAN

Que ambas partes se recoñecen plena capacidade para otorgar o presente convenio.

Que o Concello de Carballo considera a colaboura co Asociacionismo Deportivo como pilar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado.

Que "Bergantiños Fútbol Club" é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia con nº C00359 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 078, e que promove actividade relacionada ca modalidade deportiva do fútbol dirixida a un amplo sector da poboación, dende idades infantís ata adultos no ámbito territorial do Concello de Carballo.

Que a actividade da entidade "Bergantiños Fútbol Club" é considerada de especial interese para o sistema deportivo local en virtude das seguintes características da mesma:

- A especial traxectoria e representatividade debida á súa actividade deportiva continuada dende a súa fundación en 1923e o seu elevado número de socios ó longo da mesma.
- O valor da súa actividade no sistema deportivo local, contribuíndo de xeito imprescindible a manter unha oferta acorde á demanda deportiva existente, especialmente no deporte de base e polo tanto para satisfacer as necesidades deportivas dos cidadáns.

Que en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril; de bases de réxime local e o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia; e en función das consideracións expostas, o Concello de Carballo e "Bergantiños Fútbol Club" coa finalidade de determinar as condicións da súa colaboura, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, dacordo cas seguintes CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboura entre o Concello de Carballo e "Bergantiños Fútbol Club" para financiar a realización da actividade "Participación en competicións deportivas de nove equipos federados". Esta consiste na participación de nove equipos en alomenos 281 xornadas de competición federada e diversos torneos de fútbol de base e os adestramentos e partidos preparatorios e amigables inherentes ás mesmas, segundo o expresado

no proxecto anexo realizado por "Bergantiños Fútbol Club" e que a modo de resumo se expón na seguinte táboa.

EQUIPO E CATEGORÍA	COMPETICIÓN	Nº DE XORNADAS
Bergantiños F.C. Sénior	Terceira División Grupo 1º	38
Bergantiños Xuvenil A	Liga Nacional Xuvenil Grupo 1º	34
Bergantiños Xuvenil B	2ª Autonómica Xuvenil Grupo 4º e Copa Xuvenil	26+(1-6)
Bergantiños Cadete A	Liga Galega Cadete Grupo 1º	34
Bergantiños Cadete B	1ª Autonómica Cadete Grupo 1º e Copa Cadete	30+(1-5)
Bergantiños Infantil A	Liga Galega Infantil Grupo 1º	34
Bergantiños Infantil B	1ª Autonómica Infantil Grupo 1º e Copa Infantil	30+(1-5)
Bergantiños Infantil C	2ª Autonómica Infantil Grupo 4ª	26
Bergantiños Infantil D	2ª Autonómica Infantil Grupo 2º	26

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Bergantiños F.C. desenvolverá as actividades programadas, segundo o definido na cláusula anterior, conforme ó seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Indemnizacións por gastos de desprazamentos vinculados ás actividades de adestramentos e competicións.	133.301,79 €
Gatos Federativos: Licenzas Deportivas.	2.995,56 €
Gatos Federativos: Mutualidade xeral deportiva.	10.550,00 €
Arbitraxes.	18.032,17 €
Material Deportivo non inventariable (balóns, redes,..).	10.677,27 €
Roupa Deportiva.	11.000,00 €
Gastos de desprazamentos ás competicións.	15.000,00 €
Productos farmacéuticos.	250,00 €
Fisioterapia.	5.000,00 €
Imprenta (carnets socio, carteis informativos,..).	650,00 €
Gastos de oficina (papelería, teléfono, tóner..).	600,00 €
TOTAL	208.056,79 €

Na execución do orzamento poderase modificar a cuantía aplicada a cada concepto de gasto en función das propias necesidades de execución da actividade subvencionada, se ben se deberán respectar os conceptos de gasto definidos no mesmo. Non obstante, para os conceptos "Productos farmacéuticos", "Imprenta" e "Gastos de oficina" en ningún caso se poderán superar os orzamentados na anterior táboa por ser considerados gastos de funcionamento.

III.- Financiación do Concello de Carballo e outros ingresos que se obtían ou aporten para a mesma finalidade.

1. O Concello de Carballo contribuirá á financiación da actividade, tal como se define na cláusula primeira, con unha aportación máxima de 30.000 €.

Debido ó especial interese da actividade segundo o expresado nas consideracións previas ó clausulado do presente convenio o coeficiente de financiamento será do 1, debendo acadar o gasto xustificado o importe de 30.000,00 €

En caso de que o gasto xustificado non acadara ese importe total, o Concello de Carballo só aportará o importe efectivamente xustificado.

O importe da financiación municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001, na que a Intervención municipal certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2. A subvención do Concello de Carballo é compatible ca percepción de outras subvencións ou axudas, públicas o privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3. Non obstante, no caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ó apartado anterior.

4. Bergantiños F.C. renuncia expresamente a participar en calquer outro proceso de subvencións en concurrencia que convoque o Concello de Carballo en materia deportiva durante o exercicio 2016.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Bergantiños F.C. Non se poderá contratar a realización de prestacións con personas ou entidades vinculadas, nen con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones.

2. No caso de que Bergantiños Fútbol Club tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle ó Concello de Carballo un exemplar do proxecto modificado.

V.- Publicidade e financiación municipal.

1. Na publicidade pola que se dé a coñecer a realización das actividades subvencionadas, xa sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar a financiación do Concello de Carballo.

2. Así, no caso de medios radiofónicos, megafonía, etc incluírase a frase "financiado polo Concello de Carballo", e nos restantes figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte.

3. Alomenos na vestimenta deportiva adquirida con data posterior á sinatura do presente convenio figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e/ou de Carballo Deporte previa consulta ó Servizo de Deportes do concello .

4. Ca memoria e conta xustificativa adxuntaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte de Bergantiños F.C.

VI.- Pagamento.

1. Unha vez asinado o presente convenio, realizarase un anticipo do 100 % do total concedido.
2. Previo ó pagamento, Bergantiños F.C. deberá entregar certificación da Conta Bancaria e documentación esixida na cláusula octava relativa ó cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Bergantiños F.C. na documentación aportada.

VII.- Prazo para a realización da actividade, prazo de xustificación e documentación xustificativa..

1. As actividades que son obxecto de financiación municipal, tal como están descritas na cláusula primeira desenvolveranse ate o día 31 de decembro de 2016.
2. Unha vez rematadas as actividades, Bergantiños F.C. deberá presentar con data límite 30 de xaneiro de 2017 a xustificación documental seguinte:

- .- Memoria de actuación suscrita polo representante legal de Bergantiños F.C., xustificativa do cumprimento das condicións impostas no presente convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- .- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acreedores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ó orzamento detallado na cláusula segunda.
- .- Con esta relación adxuntaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e xustificantes de gasto, que deberán estar efectivamente pagadas antes do remate do prazo de xustificación.
- .- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá extenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como justificante de gasto para o cobro dunha subvención otorgada polo Concello de Carballo.
- .- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula octava.
- .- Declaración de outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- .- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade da financiación do Concello de Carballo.

3. De conformidade con disposto no artigo 70.3 do Regulamento de la Ley de Subvenciones (Real decreto 887/2006, del 21 de julio), transcurrido este último plazo sin que se recibira xustificación algunha, remitirase un requerimiento a Bergantiños Fútbol Club para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional poderá dar lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ó respecto.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. Bergantiños Fútbol Club deberá estar ó día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e con carácter previo ó pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias ca Administración do Estado, ca Comunidade Autónoma, co Concello de Carballo e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou autorizando ó Concello de Carballo a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Carballo determinaranse por este de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. Bergantiños Fútbol Club destinará os fondos recibidos ó pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou cualquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; ou ca conformidade suficientemente acreditada do contratista ou proveedor no correspondente documento xustificativo do gasto no caso de pagos en efectivo. Só se admitirán pagos en efectivo por importes ate 1.000,00 € e no caso de que o pago dun servizo sexa considerado como fraccionado en varios, o límite de 1.000,00 € entenderase para o conxunto dos pagos correspondetes ó servizo.

3. Bergantiños Fútbol Club deberá contar con un rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificados e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro do Concello de Carballo e dos órganos de control externo.

1. A entidade someterase ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do emprego dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

2. De acordo co desposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, Bergantiños Fútbol Club queda sometido ós procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o desposto na Ley orgánica 2/1982, del 12 de mayo, ós procedementos de exuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a cualquera outro órgano de control, nacional o europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ó pago dos intereses de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ate o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Se perxuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Ley 38/2003, del 17 de noviembre, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. Se se produce retraso no prazo de xustificación e non excede de un mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por cento do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción se impondrá no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ó rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá á Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención a Bergantiños Fútbol Club.

2. Simultaneamente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Carballo remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ó Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio rematará o 31 de decembro de 2016.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Ley 38/2003, del 18 de noviembre, General de Subvenciones, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Correspóndelle o seguemento da execución das actividades obxecto do presente convenio ó Servizo de Deportes e Xuventude do Concello de Carballo, debendo emitir informe sobre este particular o Xefe do Servizo de Deportes e Xuventude.


3. Corresponderalle ós órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias desposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa xurisdicción, o coñecemento das cuestións litigosas que poida xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de maio de 2016.

E en proba de conformidade asinan por triplicado exemplar do presente convenio en lugar e data indicados no encabezamento.

Evencio Ferrero Rodríguez

Alcalde do Concello de Carballo

Luciano Calvo Pumpido

Presidente Bergantiños Fútbol Club